

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

CURSO 2022-2023



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica, elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

1.1. Contextualización

O IES Terra de Soneira está emprazado na vila de Vimianzo, no centro da comarca de Soneira. A vila conta con 5000 habitantes aproximadamente, e acumúlase nos últimos anos un descenso de poboación que se reflicte na diminución do número de alumnado do centro. A zona caracterízase por un escaso desenvolvemento económico que se veu agravado nos últimos anos pola crise económica o cal se comproba no alto nivel de desemprego da mocidade e na franxa poboacional de entre os 30 e 50 anos.

A distribución poboacional e territorial ven caracterizada polo minifundio, e a dispersión da poboación que vive, ademais de no pobo, en pequenas vilas ou lugares dispersos pola comarca. O Instituto imparte a seguinte oferta formativa:

- Nivel da ESO.
- Bacharelato de Ciencias da Natureza, e Humanidades.
- CM e C Superior de Xestión Administrativa.
- centro ten adscritos os centros de Educación Primaria de Baíñas e San Vicente (Vimianzo).

2. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

No curso 2022-2023, o Departamento de Artes Plásticas é unipersonal, formado polo profesor José Manuel Dopico Soto.

3. MATERIAS IMPARTIDAS

O Departamento de Artes Plásticas é responsable das materias de:

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos 1º, 3º e 4º de E.S.O.
- Debuxo Técnico en 1º e 2º de Bacharelato.

4. DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS E ALUMNOS

Os grupos correspondentes ao curso 2022/2023 para a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Debuxo Técnico son:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CURSOS	Nº DE GRUPOS	TOTAL HORAS
1º E.S.O.	2	4
3º E.S.O.	2	4
4º E.S.O.	1	3

BACHARELATO

CURSOS	Nº DE GRUPOS	TOTAL HORAS
1º BACHARELATO- DT	1	4
2º BACHARELATO-DT	1	4

5. REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

A finalidade das reunións de Departamento son:

- A) Tratar de conseguir os obxectivos desta materia.
- B) Facer unha axeitada distribución e selección dos contidos nas diferentes etapas de Secundaria.
- C) Traballar e discutir os obxectivos e os contidos se fora necesario cando as características do grupo ou dalgún alumno en particular o requira.
- D) Acordar os criterios de Avaliación das distintas probas atendendo sempre ós contidos mínimos.
- E) Realizar calquera modificación a esta programación sempre que se considere pertinente.
- F) Acordar a compra de materiais necesarios para unha mellor consecución do ensino aprendizaxe dos alumnos.

Tendo en conta o punto E deste apartado, esta programación non debe ser considerada con rixidez, senón con flexibilidade, para poder atender á diversidade na medida do posible.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL *4º E.S.O*

CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación de 4º de ESO para o curso 2021/22 está redactada tendo en conta o seguinte marco legislativo:

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25434 e seguintes)

En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

De xeito específico a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 4º da ESO contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave da seguinte maneira:

Competencia:	Contribución:
Comunicación lingüística (CCL):	Alta
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):	Alta
Competencia dixital (CD):	Alta
Aprender a aprender (CAA):	Moi alta
Competencias sociais e cívicas (CSC):	Moi alta
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):	Moi alta
Conciencia e expresións culturais (CCEC):	Especialmente alta

Comunicación lingüística (CCL): Favorecida ó integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes para expresar ideas, sentimentos e emocións.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): Desenvolvida ó tratar os contidos de xeometría e empregando a linguaxe simbólica matemática. Adquirida ó utilizar procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

Competencia dixital (CD): Moi desenvolvida na materia de EPVAV no contorno audiovisual e multimedia, empregando cada vez máis os recursos informáticos e a tecnoloxía dixital para a creación, estudo e análise de imaxes.

Aprender a aprender (CAA): Competencia para aprender a aprender. Trabállase coa reflexión sobre os procesos e a experimentación creativa.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): Moi desenvolvida na EPVAV, dado que todo proceso de creación implica a conversión dunha idea nun produto. Apréndese a desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e a autonomía persoal.

Conciencia e expresións culturais (CCEC): Adquírese fundamentalmente a través desta área, xa que está presente ó longo de todo o currículo. Os alumnos e alumnas aprenden a mirar, ver, observar e percibir, e a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural propio e alleo, desde o coñecemento da linguaxe visual.

3. OBXECTIVOS PARA O CURSO.

3.1. Obxectivos xerais da etapa.

A Educación Plástica Visual e Audiovisual contribuirá neste cuarto curso a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Obxectivos específicos do curso.

- Os obxectivos específicos da EPVAV para este cuarto curso son os seguintes:
 1. Analizar de forma crítica as calidades estéticas, plásticas e funcionais das imaxes e as formas da contorna.
 2. Utilizar técnicas e procedementos propios das linguaxes visuais para a expresión creativa de ideas e experiencias e o establecemento de relacións interdisciplinares con outras materias.
 3. Identificar os valores expresivos das linguaxes e soportes en fotografía, vídeo, cinema, televisión, banda deseñada e fotonovela, elixindo a fórmula máis axeitada para a expresión de emocións, vivencias e sentimentos.
 4. Valorar o patrimonio artístico e cultural mundial, europeo, español e de Galicia como un medio de comunicación e gozo individual e colectivo contribuíndo á súa conservación, a través do respecto e divulgación das obras de arte.
 5. Seleccionar os elementos configurativos das linguaxes visuais e as gráfico-plásticas: formas, elementos de expresión, cor, luz, volume, sistemas de representación e perspectiva en función da mensaxe que se queira transmitir.
 6. Aplicarlles ás propias creacións materiais e técnicas de expresión plástica valorando os avances no seu proceso creativo e no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
 7. Pasar figuras representadas en sistema diédrico a sistemas perspectivados de maneira que sexan eficaces para a comunicación.
 8. Expresar, por medio da linguaxe plástica, emocións e sentimentos, vivencias e ideas, entendéndoas como un medio de enriquecemento da comunicación, a reflexión crítica e o respecto entre as persoas.
 9. Realizar composicións que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo que supón o proceso creativo.
 10. Respectar os sinais de identidade do patrimonio cultural e artístico mundial, europeo, español e de Galicia.
 11. Interpretar, con respecto, outras maneiras de expresión visual e plástica diferentes das propias, recoñecendo a diversidade cultural como valor enriquecedor.
 12. Analizar os elementos que integran as distintas linguaxes audiovisuais, as súas finalidades e utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de consulta de forma autónoma e crítica e no propio proceso creativo.
 13. Participar en actividades de grupo respectando os modos de expresión visual e plástica diferentes aos propios con actitudes de interese, flexibilidade e tolerancia.
 14. Desenvolver actitudes de cooperación, constancia no traballo, mantemento da orde e limpeza e conservación do material individual e colectivo.

4. CONTIDOS.

No cuarto curso da ESO esta materia estrutúrase en catro bloques: Bloque 1. Expresión plástica. Bloque 2. Debuxo técnico. Bloque 3. Fundamentos do deseño. Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

Bloque 1. Expresión Plástica

1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.
2. Leis da composición.
3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.
4. Cor como ferramenta simbólica.
5. Técnicas de expresión gráficoplásticas. Experimentación con diversos materiais.
6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.
7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.
8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).
9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.
10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.
11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.

Bloque 2. Debuxo técnico

1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.
2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.
3. Tanxencias e enlaces.
4. Aplicación dos procedementos de trazo de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.
5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.
6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.
7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
9. Perspectiva cónica central.
10. Perspectiva cónica oblicua.
11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.
12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).
2. Fases do proceso de deseño.
3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.
4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.
5. Campos de aplicación do deseño.
6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.
7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.
8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.
9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.
10. Planificación dun proxecto artístico.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.
2. Realización dun storyboard.
3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.
4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.
5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.
6. Creación dixital de imaxes.
7. Deseño dun proxecto publicitario.
8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.
9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. A súa numeración correspóndese con cada un dos criterios de avaliación sinalados no apartado seguinte.

5.1. Temporalización

En cuarto curso da ESO a EPVAV impártense 3 horas semanais de docencia, que, por un total de 35 semanas ao curso, dan, aproximadamente, 105 sesións.

A media de semanas lectivas ao longo dun curso-tipo ven sendo de:

1º trimestre: 13 semanas

2º trimestre: 12 semanas

3º trimestre: 10 semanas

De estas 105 sesións haberá que descontar 9 sesións de repaso, control e avaliación, o que dá un total de 96 sesións.

1º trimestre: 39-3=36 sesións

2º trimestre: 36-3= 33 sesións

3º trimestre: 30-3=27 sesións

Dividindo os contidos do curso no número de sesións necesarias para desenvolverlos a distribución queda como segue:

Bloque	Temporaliz.
Bloque 1. Expresión plástica	24 sesións
Bloque 2. Debuxo técnico	12+12 sesións
Bloque 3. Fundamentos do deseño	21+3 sesións
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia	24 sesións

De isto se deduce que o bloque 2 desenvolverase ao longo da primeira e segunda avaliación e que o bloque 3 o fará ao longo da segunda e da terceira avaliación, no número de sesións que se indican, e que poderán ser variables en función da dinámica dos grupos e da programación de aula do profesor/a encargado de impartir a materia.

5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.

Estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Expresión plástica	PORCENT.
1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	80
2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	60
2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	70
2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	70
3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	60
3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	80
4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	50
5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	30
5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	60

Bloque 2. Debuxo técnico	
1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	30
1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	80
1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	70
1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais.	70
2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	80
2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	70
2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	60
2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	60
3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	50
Bloque 3. Fundamentos do deseño	
1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	80
1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	50
2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	70
3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	60
3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	60
3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	80
3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	50
3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia	
1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	90
1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película	60
2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	70
2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	90
2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	60

3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	90
3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	60
3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	80
4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	60

5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Avaliaranse os contidos de acordo cos estándares de avaliación e se son alcanzadas as competencias básicas reflectidas neles que terán que desenvolverse ao longo do proceso de formación, ademais da actitude positiva cara á materia e a predisposición para contribuír ao desenvolvemento satisfactorio das actividades de clase.

A avaliación realizarase ó longo do curso escolar por medio da observación e de probas puntuais, facendo unha avaliación criterial e orientadora. A avaliación criterial farase mediante probas (correspondentes a cada unha das avaliacións parciais), a fin de determinar o nivel de capacidades alcanzado por cada alumno/a; nalgúns casos, e segundo o criterio do profesor, poderán facerse máis probas intermedias, tendo en conta as cualificacións obtidas nelas na avaliación correspondente. A avaliación orientadora farase mediante a valoración dos traballos desenvolvidos ó longo do curso. Este está dividido en tres avaliacións co fin de facer un seguimento sobre a consecución dos obxectivos para así poder tomar as medidas pertinentes no caso observar algún tipo de dificultades no seu logro.

A efectos de cualificación, teranse en conta ambos apartados conforme ao seguinte cálculo:

- a) **Probas-exame.** Realizarase sobre contidos teórico-prácticos, **valorando de 1 a 10 puntos**. Terase en conta a claridade, precisión e concisión das respostas ás preguntas ou resolución dos problemas.

Valorarase tamén a presentación, limpeza, emendas e faltas de ortografía, podendo todos estes factores penalizar ata 1 punto na nota da proba.

- b) **Exercicios e traballos de clase. Valoraranse de 1 a 10 puntos**, que deberán ser entregados no prazo que se estableza; non se admitirá a entrega de exercicios con posterioridade a dito prazo
- c) **Traballos individuais ou en grupo realizados fora da aula. Valoraranse de 1 a 10 puntos** poden ser teóricos ou prácticos, deseñados para fomentar a autonomía persoal no aprendizaxe e a busca, selección e utilización da información.

A nota media dos traballos dos apartados b) e c) calcularase sobre o total de exercicios propostos, sexa cal sexa a cantidade dos entregados.

Os traballos realizaranse exclusivamente na aula, non se permitirá a realización destes fora do espazo delimitado para tal fin (aula, taller, patio ou calquera outro que estime oportuno o profesor). Dispoñerase nas aulas espazos adecuados para gardar adecuadamente as producións dos alumnos. Esta norma pode ser variada a criterio do profesorado.

Queremos facer fincapé na obrigatoriedade da asistencia a clase dotados do material necesario. Enténdese que nesta materia é imprescindible para o bo discorrer do proceso formativo a disposición das ferramentas necesarias para a realización das tarefas encomendadas.

O incumprimento destas normas serán motivo suficiente para a avaliación negativa de calquera dos alumnos, sen renunciar á aplicación de todo tipo de medidas disciplinarias definidas no RRI.

As cualificacións axustaranse ás normativas oficiais:

- Cualificación negativa: Insuficiente (0, 1, 2, 3 ou 4).
- Cualificación positiva: Suficiente (5). Ben (6). Notable (7 e 8). Sobresaliente (9 e 10)

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual é, por unha banda, dotar o alumno dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

Isto levarase a cabo coas seguintes medidas:

a) Desenvolver una metodoloxía eminentemente activa, orientada hacia o estímulo do espírito crítico dos alumnos e alumnas, e impulsora dun clima favorable á participación e ao traballo en equipo.

b) Guiar e mediar no aprendizaxe significativo, procurando obter o interese e a utilidade do aprendido. O aprendizaxe realizarase de xeito reflexivo, para que os alumnos poidan acadar as súas propias conclusións respecto do aprendido.

c) Proxectar e ordear as actividades de tal xeito que os alumnos teñan unha guía sistemática no proceso de aprendizaxe.

d) Potenciar o aprendizaxe de técnicas de estudio a fin de que o alumno rentabilice mellor o seu esforzo, adquira autonomía pedagóxica, se inicie no dominio dos instrumentos do traballo intelectual e, en definitiva, “aprenda a aprender”.

e) Crear unha visión integradora de todas as áreas.

f) Atender á diversidade de necesidades, intereses e idades que presentan os alumnos/as de esta etapa, adaptando e diversificando o currículo de forma flexible e contemplando o espazo de opcionalidade, sempre tendo en conta as posibilidades e os recursos do centro.

g) Avaliar continua, global e individualmente o proceso de ensino-aprendizaxe. O alumno/a debe participar no proceso de avaliación e coavaliación impulsando a súa autonomía persoal.

h) Crear un sistema eficaz de orientación para contribuir á formación integral do alumnado, tanto no plano académico como no profesional.

i) Os contidos servirán para afianzar os adquiridos durante os cursos anteriores; a súa presentación estará de acordo co entorno que lle rodea e, sempre que sexa posible, enfocaranse hacia o tratamento ou resolución dos problemas que alí se prantexan.

O labor do profesorado

Para encarar este reto conceptual o profesor de EPVAV debe armarse dunha complexa bagaxe de coñecementos e de recursos que lle permitan dar á experiencia didáctica unha flexibilidade que antes non tiña.

A súa formación universitaria e académica debe sumar aqueles contidos non propios que lle axuden a completar o universo de experiencias que debe formar o coñecemento das súas alumnas e alumnos. Esíxese, por tanto, unha mentalidade aberta, non dogmática nin propedéutica, capaz de asimilar as novas formulacións a fin de facilitar a aprendizaxe dos contidos que se sinalan neste manual.

A experiencia didáctica en EPVAV debe estar fundamentada na actividade na aula, facilitando a utilización constante dos distintos procedementos de expresión plástica e artística. Desta maneira conséguese que o coñecemento dos alumnos avance a partir da experiencia e a manipulación.

Esta actividade na aula debe desenvolverse a partir de proxectos que impliquen toda a clase e xeren experiencias que enriquezan o coñecemento de cada un dos suxeitos implicados no proceso.

A partir destas experiencias débese promover o desenvolvemento de novas actividades que favorezan a progresión do coñecemento adquirido. Neste sentido as actividades deben organizarse de conformidade co concepto de “Taller” e a aula debe converterse, deste modo, nun “laboratorio de experimentación” en que se vaian acumulando os resultados do labor docente ao longo do curso e dos diferentes cursos en que se imparte a materia.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR

Tanto en primeiro coma en terceiro e cuarto curso non consideramos necesario utilizar libro de texto, baseándonos en recursos dixitais, explicacións e apuntes do profesor, e as láminas feitas polos alumnos coma instrumento principal de avaliación.

O Departamento conta, con tórculos, cabaletes de modelado e de debuxo, dous canóns (un en cada aula coas respectivas pantallas de proxección), un ordenador portátil e un ordenador fixo (pendente de substitución) e dúas tabletas de debuxo dixital.

Ademais destes elementos, os materiais de uso común serán os indicados e requiridos para cada traballo.

Nas sesións de aula utilizaremos:

- Webs de referencia
- Videotitorías e diferente tipo de recursos na rede.
- Software libre ou de uso gratuíto “on line”.
- Presentacións en ppt ou similar.
- Uso de Programas de Manipulación de Imaxes (Gimp), de debuxo vectorial (Inkscape, office draw), de Animación Stop Motion
- (Monkey), de edición de vídeo (Movie Maker).
- Fichas de traballo.
- Volumes para debuxar do natural: figuras de escaiola e pezas de metal.
- Tórculo para estampación.
- Material de debuxo artístico e pintura: témpera, pinceis, lápices da cores, rotuladores, carboncillo.
- Material diverso de debuxo técnico: compases, escuadras, cartabóns, regras, xogos de modelos.
- Textos varios, tanto referidos á Educación Plástica e Visual como a Debuxo Técnico e ás Artes Plásticas en xeral.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

8.1. Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Para coñecer o punto de partida, resulta de grande interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informalo

sobre o seu grao de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de Avaliación Inicial.

8.2. Criterios de avaliación para cada un dos contidos

Bloque 1. Expresión plástica

1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.

2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.

3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.

4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.

5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

Bloque 2. Debuxo técnico

1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.

2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

1. Percibir e interpretar críticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.

2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.

3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades.

3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.

4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

8.3. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos/as nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

a) Probas-exame	Realizarase sobre contidos teórico-prácticos, valorando de 1 a 10 puntos . Terase en conta a claridade, precisión e concisión das respostas ás preguntas ou resolución dos problemas	30%
b) Exercicios e traballos de clase	Valoraranse de 1 a 10 puntos	70%
c) Traballos individuais ou en grupo realizados fora da aula		

- **Avaliación FINAL ORDINARIA.**

En tanto que se establece como principio o sistema de avaliación continua, non se realizarán recuperacións específicas das avaliacións parciais. Isto non quere dicir que superando a última avaliación queden automaticamente aprobadas as anteriores, senón que unha nota negativa nunha avaliación poderá ser compensada posteriormente cunha mellora na asimilación de conceptos, na execución dos procedementos e na actitude fronte á materia, ou mediante outros instrumentos de recuperación de contidos, pois estes non sempre son de carácter progresivo.

De xeito excepcional (alumnado que se incorpora co curso comezado, que por algún motivo debidamente acreditado se ausente da clase un período prolongado, que perda o dereito á avaliación continua...) poderá realizarse un exame extraordinario ao final do curso, de xeito que se acredite que o nivel de competencias destes/as alumnos/as é semellante ao do alumnado que seguiu o proceso de avaliación normal e se garanta a igualdade de oportunidades con respecto aos mesmos. O contido e características desta proba estará condicionado polas condicións que provoquen a súa necesidade.

A cualificación da avaliación final ordinaria será a nota media das cualificacións das tres avaliacións parciais, tendo en conta as correccións derivadas do proceso de avaliación continua. Os/as alumnos/as desconformes coa cualificación obtida poderán solicitar unha revisión dos seus exames e traballos realizados durante o curso. As cualificacións non serán definitivas ata que teña lugar esa revisión.

- **Avaliación FINAL EXTRAORDINARIA.**

A convocatoria extraordinaria implica a necesidade de xustificar en poucos días un nivel de competencias nunha ou varias materias, equiparable ao que debía acreditarse na avaliación ordinaria despois dun curso completo.

Resulta imposible, polo tanto, realizar un proceso avaliativo comparable ao sistema descrito ata agora, polo que **se reducirá a unha proba-exame**, puntuable de 1 a 10, con preguntas ou pequenos exercicios referidos aos contidos conceptuais especificados nas distintas unidades didácticas.

Do mesmo xeito que na avaliación final ordinaria, o alumnado desconforme coa cualificación obtida poderán solicitar unha revisión do seu exame. A cualificación non será definitiva ata que teña lugar esa revisión.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro son instrumentos que utiliza o profesor para avaliar a súa propia práctica docente. Para isto utilízanse varios procedementos que forman parte dos criterios de cualificación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Os instrumentos de avaliación máis idóneos para dita identificación son a rúbrica e o porfolio.

As rúbricas: son instrumentos para o rexistro e análise de información obtida sobre a execución dunha tarefa por parte dun alumno.

O porfolio: é a ferramenta que recolle e reflicte o proceso de aprendizaxe do alumno de forma complexa e completa.

O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica na programación de Aula.

A continuación, sinalamos aqueles descritores/indicadores que deben terse en conta para a avaliación do proceso, desglosados en catro momentos principais: PROGRAMACIÓN, PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE e PROCESO DE AVALIACIÓN. Ditos indicadores deben ir acompañados dunha escala de menor a maior (de 1 a 4) e das observacións pertinentes.

Indicadores de logro da programación

	Escala			
	1	2	3	4
1. Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.				
2. A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.				
3. A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.				
4. Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.				
5. A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.				

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				

10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Indicadores de logro da avaliación

	Escala			
	1	2	3	4
1. Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.				
2. Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.				
3. Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.				
4. Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.				
5. Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.				

6. Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.

--	--	--	--	--

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores deberán seguir un sistema de avaliación específico para a materia pendente.

A materia do curso será dividida en dúas partes, que serán avaliadas a principios de xaneiro, de abril e de maio.

De cada unha delas se lles entregarán unha serie de exercicios que deberán resolver e entregar previamente á avaliación correspondente (de non ser entregados, non terán dereito a ser avaliados). A cualificación procederá dos resultados destes traballos. Os alumnos e alumnas que, deste xeito, superen as dúas avaliacións acadarán unha avaliación positiva na materia pendente que, consecuentemente, quedará aprobada. Caso de non aprobar unha ou as dúas avaliacións, terán dereito a un exame de recuperación, relativo á avaliación ou avaliacións non superadas, no mes de maio. Se aínda así non aprobasen a materia, poderán presentarse na convocatoria extraordinaria, aínda que neste caso o exame versará sobre a totalidade da materia.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como xa ven sendo habitual nos últimos anos, realizaremos unha avaliación inicial coa que se pretende avaliar as posibles carencias que poden presentar algúns alumnos. No caso de detectarse alumnos con necesidades específicas ofreceráselles dentro das nosas posibilidades unha atención máis individualizada, en coordinación co departamento de Orientación.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Elementos transversais:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Neste sentido o departamento de Artes Plásticas traballará nos seguintes elementos transversais.

Educación para a convivencia:

A formulación de problemas pode contribuír a desenrolar actitudes de solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que se converte, así, noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos na aula.

Educación do consumidor:

Preténdese dotar ó alumnado de instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queiran crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumo.

Educación non sexista:

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas, e potencia-la participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribuirase deste xeito, desde a propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

Educación multicultural:

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como de outros tempos, de outras culturas distintas á nosa, tratando de que o alumnado saiba respectalas e valoralas.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Para este curso, propóñense as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- **Saídas ós arredores do instituto** (apuntes do natural, debuxo do movemento,...).
Niveis: 3ª e 4ª ESO
Prof. Responsables: Os respectivos da materia.
Temporalización: terceiro trimestre
- **Participación nas actividades promovidas por outros departamentos do centro** que teñan relación co noso departamento.

Dependerá das que se vaian convocando pero poderían ser:

- Concurso de postais de nadal
 - Concurso de marcapáxinas
 - Concurso de máscaras no Antroido
 - Concursos de carteis.
- Axuda á divulgación de actos que se realicen no centro mediante **a realización de carteis anunciadores, dípticos, logotipos, ...**
 - Participación nalgunha das actividades **educativas promovidas por distintos museos e institucións**. Poderanse realizar tamén outras en función das exposicións temporais de interese para o seminario que poidan programar estes museos ou institucións:

Nivel: ESO:

Temporalización: sen datas confirmadas

Accións de contribución ao proceso lector

O Departamento de Artes Plásticas ten colaborado tradicionalmente con moitas das actividades desenvolvidas desde a Biblioteca do Instituto, tanto nos aspectos gráfico-plásticos que lle son propios como no desenvolvemento de actividades de fomento da lectura.

Igualmente, temos moi en conta o dominio da linguaxe verbal dos nosos alumnos en todo tipo de actividades dentro do proceso de ensino, como na lectura individual e colectiva das diferentes unidades didácticas realizadas na aula, a corrección ortográfica de escritos e exames, os traballos de aplicación ou teóricos etc. Participamos igualmente en todo tipo de concursos convocados polos diferentes Departamentos nos que traballamos, ademais do visual, a totalidade de linguaxes existentes.

Este desenrolo da linguaxe verbal faixe máis evidente nas actividades onde esta ten un contido máis evidente como nos traballos propios da ilustración de relatos, poemas ou calquera outra narrativa.

Igualmente, en actividades de deseño de logotipos ou da imaxe corporativa empresarial. Da mesma forma nos relatos secuenciados tipo cómic ou da narrativa propia da imaxe en movemento no audiovisual.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Para saber se as actividades propostas e os contidos traballados en cada unidade didáctica cumpriron os obxectivos desexados, faremos, ó remate de cada avaliación/trimestre unha autoavaliación, atendendo ós seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación e a adecuación da temporalización.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos ó nivel do alumnado e ás súas necesidades.
- Adecuación da metodoloxía empregada.
- Adecuación dos medios e material didáctico empregado.
- Coordinación dos contidos traballados cos dados en outras áreas coas que teñan relación.
- Interese mostrado polo alumnado.

- Adecuación da programación para o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

No proceso de autoavaliación terá un importante papel o alumnado, mediante intercambios orais, postas en común acerca dos puntos anteriormente citados e cuestionarios escritos.

Haberá que observar atentamente tamén os resultados académicos do alumnado de xeito combinado coa propia avaliación, para detectar os posibles fallos de metodoloxía docente de cada unidade didáctica, e ilos corrixindo para mellorar a programación e adecuala ás diferentes circunstancias de cada grupo de alumnos, curso, etc.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEBUXO TÉCNICO II – 2º BACHARELATO

CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Desde a antigüidade o ser humano utilizou o debuxo como un medio de representación con que comunicarse e expresarse. O debuxo técnico, cos seus primeiros pasos que se remontan máis de 2.000 anos na historia, representa aquela parte do debuxo que trata de darnos unha visión da realidade da forma máis fiable posible fronte ao debuxo artístico que busca comunicar ideas e sensacións.

O debuxo técnico tal como o entendemos na actualidade nace nos albores do século XIX e toma corpo con achegas posteriores tan decisivas coma a xeometría descritiva, que facilita a representación de formas tridimensionais sobre superficies bidimensionais, e a normalización, aquel conxunto de regras e preceptos que garante o proceso de planificación, elaboración, aplicación e mellora das distintas actividades relacionadas co deseño e a fabricación do produto.

Tradicionalmente os contidos desta materia agrúpanse en tres grandes seccións, sempre relacionadas entre si, aínda que con entidade propia: a xeometría métrica aplicada, utilizada para resolver problemas xeométricos e de configuración de formas planas; a xeometría descritiva, que nos axuda a representar sobre un soporte plano o debuxo de formas e corpos volumétricos; e a normalización, que ten por obxectivo unificar os criterios da representación gráfica.

No desenvolvemento das actividades profesionais que se relacionan co debuxo técnico, cada vez cobra máis forza o uso das novas tecnoloxías, polo que hoxe en día os deseños curriculares tratan de recoller o uso de programas asistidos por ordenador. Con todo, o seu uso non debe ser entendido como un contido curricular máis, senón como unha ferramenta de axuda nun futuro exercicio profesional e no ámbito educativo.

Contextualización

Estas programacións para o curso 2020/21 están redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

Para 2º de Bacharelato están en vigor no presente curso as normas correspondentes á implantación da LOMCE na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño (DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25434), no que se establece o currículo do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

De xeito específico a materia de Debuxo técnico debe dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de

abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o segundo curso afóndase nas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade, así como na "Documentación gráfica de proxectos", para a integración das destrezas adquiridas no curso anterior.

De xeito específico a materia de Debuxo Técnico 2 contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave da seguinte maneira:

Competencia:	Contribución:
Comunicación lingüística (CCL):	Media
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):	Especialmente alta
Competencia dixital (CD):	Alta
Aprender a aprender (CAA):	Media
Competencias sociais e cívicas (CSC):	Media
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):	Moi alta
Conciencia e expresións culturais (CCEC):	Moi alta

3. OBXECTIVOS PARA O CURSO.

3.1. Obxectivos xerais do bacharelato.

No que atinxe á materia de Debuxo Técnico, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

— Obter e seleccionar a información de forma intelixente, tendo en conta os obxectivos, os requisitos establecidos e as propias posibilidades, analízala con sentido crítico e presentala e organizala de forma orixinal e intelixible.

— Valorar e utilizar de maneira responsable as novas tecnoloxías como ferramentas para obter e procesar información diversa, á hora de facer os traballos escritos (ordenador), na consulta de libros das bibliotecas e nas exposicións orais (Internet, audiovisuales...), para mellorar as producións propias.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

— Captar a organización e a estrutura dos contidos das diversas materias, establecendo relacións entre elas e con outros coñecementos, e utilízalos eficazmente en distintas situacións, como tamén para levar a cabo novos aprendizaxes.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de maneira crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía

no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto deica o medio ambiente.

— Coñecer as técnicas e os procedementos de traballo intelectual propios das diversas materias, selecciónalos conscientemente según o obxectivo previsto e aplícalos correctamente, autorregulando o proceso seguido.

— Desenvolver o sentido crítico respecto do progreso científico e técnico, valorando de forma ponderada a súa contribución á mellora da calidade de vida e rechazando posibles aplicacións que atenten contra as persoas ou o entorno.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.

— Mostrar iniciativa e autonomía na participación de tarefas tanto individuais como colectivas, desenvolvendo capacidades como a seguridade en un mesmo, a aportación de ideas, tomando decisións e valorando as opinións dos demais.

3.2. Obxectivos específicos de curso.

Os obxectivos específicos para 2º curso serán os seguintes:

- Adquisición de competencias ao utilizar o vocabulario específico de debuxo técnico.
- Valorar a precisión, claridade e obxectividade como camiños para facilitar a comprensión dos problemas gráficos en debuxo técnico.
- Usar os elementos propios da linguaxe gráfica para transmitir información.
- Coñecer a orixe e o uso da xeometría como unha ferramenta básica para o desenvolvemento de solucións razoadas ante problemas gráficos.
- Introducir os fundamentos básicos da Xeometría Analítica, a través da resolución de problemas xeométricos no plano e no espazo.
- Avaliar a utilidade da normalización como unha ferramenta básica para simplificar tanto a produción como a comunicación.
- Comprender a linguaxe e normas UNE e ISO como ferramentas adecuadas para representar formas.
- Representar lóxicamente formas mediante croquis acotados que xustifiquen a validez das normas UNE e ISO.
- Codificar e descodificar información segundo as normas UNE e ISO, para entender as diversas formas existentes.
- Entender, de acordo coas formalismos gráficos habituais, enunciados verbais de problemas propios do debuxo técnico.
- Desenvolver nos alumnos hábitos e actitudes propias do modo de facer do debuxo técnico, entendido como un proceso dinámico ligado ó proceso científico-tecnolóxico e da humanidade.
- Descubrir o patrimonio natural, histórico e artístico de cada comunidade a través do debuxo, dando novas respostas aos problemas de adaptación ao medio ambiente e aos cambios sociolóxicos e tecnolóxicos.
- Adquirir competencia no correcta acabado do debuxo técnico, susceptible ás melloras que poden ser introducidas a través das distintas técnicas gráficas na representación.
- Avaliar as novas ferramentas e técnicas gráficas para contrastar, nun contexto de avaliación crítica, a consistencia da información analizada.
- Analizar e avaliar o potencial do debuxo técnico para comprender a realidade e actuar sobre ela.

- Desenvolver unha base sólida, consolidando os coñecementos, para poder expresarse con precisión e claridade.
- Empregar a precisión para conseguir solucións gráficas e obxectivas.
- Aplicar o desenvolvemento de competencias e habilidades para sacar conclusións sobre situacións reais que poden ser expresadas gráficamente.

4. CONTIDOS.

4.1. Distribución dos contidos en bloques e unidades didácticas

Bloque 1 Xeometría plana

UNIDADE 1. XEOMETRIA: Xeometría plana: proporcionalidade, equivalencia, ángulos.

- Resolución de problemas xeométricos.
- Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.
- Construción de figuras planas equivalentes.
- Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.
- Aplicacións.

UNIDADE 2. Xeometría: potencia e inversión, aplicación as tanxencias.

- Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.
- Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.

UNIDADE 3. Curvas cónicas e tanxencias. Curvas técnicas.

- Trazado de curvas cónicas e técnicas.
- Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.
- Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.

UNIDADE 4. Transformacións xeométricas: Homoloxía e afinidade

- Transformacións xeométricas. Aplicacións.
- Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.
- Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.
- Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.

Bloque 2 Xeometría descriptiva

UNIDADE 5. Sistema DIÉDRICO

- Punto, recta e plano no sistema diédrico.
- Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.
- Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.
- Construción de figuras planas no sistema diédrico.
- Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.
- Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.
- Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.
- Afinidade entre proxeccións.
- Problema inverso ao abatemento.
- Corpos xeométricos no sistema diédrico.

- Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.
- Determinación das súas seccións principais.
- Representación de prismas e pirámides.
- Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.
- Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.
- Interseccións.
- Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.

UNIDADE 6. Sistema AXONOMETRICO

- Sistemas axonométricos ortogonais.
- Posición do triedro fundamental.
- Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.
- Determinación de coeficientes de redución.
- Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.
- Representación de figuras planas.
- Representación simplificada da circunferencia.
- Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.

Bloque 3 Normalización

UNIDADE 7. DOCUMENTACION GRAFICA DE PROXECTOS

- Elaboración de bosquejos, esbozos e planos.
- Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.
- Proxecto: tipos e elementos.
- Planificación de proxectos.
- Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.
- Elaboración das primeiras ideas.
- Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.
- Presentación de proxectos.
- Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.
- Debuxo de bosquejos a man alzada e esquemas.
- Elaboración de debuxos cotados.
- Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.

UNIDADE 8. REALIZACIÓN DUN PROXECTO

- Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.
- Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.
- Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.
- Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.
- Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

5.1. *Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados*

Acreditación coñecementos previos (Alumnos que non cursaron Debuxo Técnico I):

Considerarase que os alumnos/as reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia Debuxo Técnico II no caso de ter superada, no setembro previo ao inicio do curso, unha proba práctica que versará sobre os contidos, recollidos na programación da materia de DT1 (Decreto 86/2015).

5.2. *Criterios de avaliación para cada un dos contidos*

Os criterios de avaliación do Debuxo técnico de 2º serán os seguintes:

UNIDADE 1. XEOMETRIA: Xeometría plana: proporcionalidade, equivalencia, ángulo.

Resolver problemas xeométricos valorando o método e o razoamento das construcións, o seu acabado e presentación.

UNIDADE 2. Xeometría: potencia e inversión, aplicación as tanxencias.

Resolver problemas de tanxencias de xeito illado ou inseridos na definición dunha forma, xa sexa esta de carácter industrial ou arquitectónico.

Valorarase especialmente o proceso seguido na súa resolución e a precisión na obtención dos puntos de tanxencia

UNIDADE 3. Curvas cónicas e tanxencias. Curvas técnicas.

Resolver problemas xeométricos relativos ás curvas cónicas en que interveñan elementos principais destas, interseccións con rectas ou rectas tanxentes.

Valorarase especialmente o proceso seguido na súa resolución e a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.

Trazar curvas técnicas a partir da súa definición.

UNIDADE 4. Transformacións xeométricas: Homoloxía e afinidade

Reproducción a escala dunha figura plana complexa partindo dun bosquejo previo.

UNIDADE 5. Sistema DIÉDRICO

Utilizar o sistema diédrico para resolver problemas de posicionamento de puntos, rectas, figuras planas

e corpos, e as relacións que establecen entre elas no espazo.

UNIDADE 6. Sistema AXONOMETRICO

Realizar a perspectiva dun obxecto ou un espazo definido polas súas vistas ou seccións e viceversa, executadas a man alzada e/ou delineadas. Así mesmo das súas seccións planas

UNIDADE 7. DOCUMENTACION GRAFICA DE PROXECTOS

Saber representar adecuadamente esbozos, vistas e cortes de pezas e/ou conxuntos, realizando os planos necesarios para a súa total definición de cara a o seu montaxe, fabricación.

UNIDADE 8. REALIZACIÓN DUN PROXECTO

Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para os que foron realizados

5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación continua:

Os instrumentos e procedementos de avaliación en cada trimestre serán os seguintes:

1. **(40% da cualificación) LÁMINAS.** Os **exercicios prácticos** presentaranse con regularidade e serán **condición indispensable** para superar a materia, polo que calquera delas non presentada terá a valoración parcial de cero (O 100% das prácticas propostas teñen que ser presentadas, cada lámina non presentada restará 0,25 ptos na nota final da avaliación)

De entre as láminas propostas en cada avaliación farase a media das notas de cinco delas a criterio da profesora, loxicamente as mesmas cinco láminas para tódos os alumnos.

As láminas entregadas tarde (nun prazo non maior de unha semana dende a súa entrega teórica) terán a súa nota rebaixada nun punto, en caso de pasar de esa data a súa cualificación rebaixarase a metade.

2. **(60% da cualificación)** Realizaranse **EXAMES** que terán unha estrutura e exercicios similares ás láminas desenvoltas na aula.

Tanto nas láminas como no exame haberá de chegarse a un mínimo dun 3,5 para facer a media.

Si a media de ambos e igual ou supera a nota de 5, a avaliación estará superada. Cunha nota menor que 5 estará suspensa.

5.4. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado

Recuperación das avaliacións parciais suspensas

A petición dos alumnos, o profesor/a poderá realizar unha proba de recuperación da avaliación na que valorará:

-80 % EXAME.

-20 % láminas correspondentes do trimestre.

Tanto nas láminas como no exame haberá de chegarse a un mínimo dun 3,5 para facer a media.

Si a media de ambos supera a nota de 5, a avaliación estará superada. Cunha nota inferior haberá de presentarse á proba de avaliación final.

Avaliación ordinaria FINAL de Maio

A cualificación final na convocatoria de Maio será a media aritmética das cualificacións trimestrais, sendo necesario ter alcanzado unha cualificación mínima de 5 en cada un deles ou na súa recuperación.

Realizarase un EXAME no que cada alumno poderá recuperar a, ou as avaliacións que teña pendentes, segundo especificado nos apartados anteriores. A nota máxima que se pode alcanzar na recuperación será ponderada dende o 5 ao 80%. (Por exemplo, de 5-6: Nota 5)

A proba constará dun exame con tarefas a realizar para cada unha das tres avaliacións, no que se lle indicará cales delas ten que facer en función das avaliacións pendentes.

Proba extraordinaria final de Xuño

A recuperación constará de unha única proba práctica de estrutura semellante ás das probas da ABAU, pero con unha sóa opción.

5.5. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os alumnos/as coa materia de Debuxo Técnico de 1º pendente deberán presentarse ao exame final nas datas habilitadas polo centro e coas condicións que determine o profesor/a da materia.

Os contidos exibibles serán os mínimos correspondentes ao curso que non ten superado.

Cambio de modalidade

En aplicación do artigo 36 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño no que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia (DOG do 29/06/2015) e segundo as condicións do artigo 23 da Resolución do 20 de xuño de 2017 (DOG do 08/08/2017), este Departamento de Artes Plásticas establece aplicar, nos casos nos que un/unha alumno/a de segundo curso que non teña cursada a materia de primeiro curso decida matricularse dela, as seguintes condicións como maneira de acreditar os coñecementos debidos.

Pode cursar a materia de 1º con igual tratamento que os pendentes. Para superar a materia debe aprobar as probas parciais que o Departamento deseñe a tal efecto, de tal maneira que acredite que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º.

Pode realizar un exame previo ao comezo do curso, este exame abarcará a totalidade de contidos do curso.

Pode realizar unha serie de traballos teóricos-prácticos realizados ao longo do curso en paralelo a programación do 2º curso, dado que as programacións son escalables.

Estas probas serán avaliadas polo Departamento que deixará constancia de súa superación segundo unha dilixencia no historial académico, no expediente académico ou por medio dunha observación no informe persoal do/a alumno/a.

En calquera caso esta materia non computará como materia exibible para avaliar a etapa

6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. A súa numeración correspóndese con cada un dos criterios de avaliación sinalados no apartado 5.2.

6.1. Grao mínimo de consecución para superar a materia

O grao mínimo serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido, máis importante se considera o estándar.

UNIDADE 1. XEOMETRIA: Xeometría plana: proporcionalidade, equivalencia, ángulos

Estándares de aprendizaxe	Porcentaxe
Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando	50

os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.	
Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos..	60

UNIDADE 2. Xeometría: potencia e inversión, aplicación as tanxencias

Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión	50
Describe os conceptos relacionados coa circunferencia e valora a importancia do arco capaz como lugar xeométrico. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	50
Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	70
Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	70

UNIDADE 3. Curvas cónicas e tanxencias. Curvas técnicas.

Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	70
Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado	60

UNIDADE 4. Transformacións xeométricas: Homoloxía e afinidade

Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións	60
Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas..	70
Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	60

UNIDADE 5. Sistema DIÉDRICO

Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	80
Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas	70

Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	70
Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	60
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	70
Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	70
Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	60

UNIDADE 6. Sistema AXONOMETRICO

Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	50
Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	70
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras	60

UNIDADE 7. DOCUMENTACION GRAFICA DE PROXECTOS

Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	50
Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	50
Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	70
Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.	60

UNIDADE 8. REALIZACIÓN DUN PROXECTO

Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	70
Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade	50

Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	50
Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron	50

7. TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación .

sesións

UNIDADE 1. XEOMETRIA: Xeometría plana: proporcionalidade, equivalencia, ángulo.	6h
UNIDADE 2. Xeometria: potencia e inversion, aplicación as tanxencias.	10h
UNIDADE 3. Curvas cónicas e tanxencias. Curvas técnicas.	10
UNIDADE 4. Transformaciones xeometricas: Homoloxía e afinidade	10h

2ª Avaliación.

UNIDADE 5. Sistema DIEDRICO	35 h
-----------------------------	------

3ª Avaliación.

UNIDADE 5. Sistema DIEDRICO	24 h
UNIDADE 6. Sistema AXONOMETRICO	6 h
UNIDADE 7. DOCUMENTACION GRAFICA DE PROXECTOS	3 h
UNIDADE 8. REALIZACIÓN DUN PROXECTO	1 h

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Os procedementos constitúen unha parte moi importante no debuxo técnico, xa que son o medio de concreción e consolidación dos conceptos. Na aula estruturaránse da maneira seguinte: información e conceptualización, interpretación gráfica mediante a análise de procedementos e solucións, construción e solución de problemas.

Os exemplos permiten establecer a relación entre o debuxo técnico e a súa aplicación real, polo que os alumnos comezarán repetindo a man alzada ou con patróns os exemplos que ilustran cada un dos apartados de cada unidade. Nalgúns casos pasarán a practicar con exercicios que serán realizados tamén por o profesor na pizarra, para terminar por atopar eles mesmos solucións a diferentes problemas.

Como liñas metodolóxicas no desenvolvemento deste currículo, propóñense, entre outras:

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

8.1. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

- Apuntes imprimibles, presentación dixitais, exemplos de resolución de exercicios, imaxes impresas e proxectadas, videos sobre a resolución de diversos exercicios.
- Pizarra dixital na aula, conectado ó ordenador do profesor, por medio do cal pódense realizar moitas das exposicións teóricas e resolución de diversos exercicios que require a materia.
- Poxector dixital de opacos conectado ó ordenador do profesor, por medio do cal pódense realizar diversos exercicios nas propias láminas de papel ou ben correccións sobre exercicios dos alumnos
- Curso da materia na aula virtual. Nel estarán dispoñibles todo o temario da materia coas presentacións expostas na aula, os apuntes en pdf y unha serie de recursos adicionais e bibilografía. Abriránse carpetas para a entrega dos traballos e tarefas requiridos en formato dixital.
- Destintas aplicacións específicas de Debuxo Técnico materias accesibles para os alumnos que poden axudar na aclaración de conceptos xa que xeneralmente se mostran dun xeito interactivo, incluso con posible autoavaliacións.
- Conta de gmail de correo corporativo do instituto que levas asociadas distintas aplicacións que usáranse de xeito complementario tales como Google Drive, Docs, Fotos, etc.

8.2. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro son instrumentos que utiliza o profesor para avaliar a súa propia práctica docente. Para isto utilízanse varios procedementos que forman parte dos criterios de cualificación dos estándares de aprendizaxe avaliábeles. Os instrumentos de avaliación máis idóneos para dita identificación son a rúbrica e o portfolio.

As rúbricas: son instrumentos para o rexistro e análise de información obtida sobre a execución dunha tarefa por parte dun alumno.

O portfolio: é a ferramenta que recolle e reflicte o proceso de aprendizaxe do alumno de forma complexa e completa.

O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica na programación de Aula.

A continuación sinalamos aqueles descritores/indicadores que deben terse en conta para a avaliación do proceso, desglosados por unidades didácticas:

UNIDADE 1. XEOMETRIA: Xeometría plana: proporcionalidade, equivalencia, ángulos

	1	2	3	4
Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.				
Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos..				

UNIDADE 2. Xeometria: potencia e inversion, aplicación as tanxencias

	1	2	3	4
Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión				

Describe os conceptos relacionados coa circunferencia e valora a importancia do arco capaz como lugar xeométrico. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.				
Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.				
Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.				

UNIDADE 3. Curvas cónicas e tanxencias. Curvas técnicas.

1 2 3 4

Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.				
Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado				

UNIDADE 4. Transformaciones xeométricas: Homoloxía e afinidade

1 2 3 4

Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións				
Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas..				
Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.				

UNIDADE 5. Sistema DIÉDRICO

1 2 3 4

Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.				
Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas				
Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.				

Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.				
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.				
Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.				
Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.				

UNIDADE 6. Sistema AXONOMETRICO

1 2 3 4

Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.				
Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.				
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras				

UNIDADE 7. DOCUMENTACION GRAFICA DE PROXECTOS

1 2 3 4

Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.				
Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.				
Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.				
Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.				

UNIDADE 8. REALIZACIÓN DUN PROXECTO

1 2 3 4

Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.				
---	--	--	--	--

Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade				
Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.				
Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron				

8.3. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en bacharelato

Os procedementos constitúen unha parte moi importante no debuxo técnico, xa que son o medio de concreción e consolidación dos conceptos. Na aula estruturaránse da maneira seguinte: información e conceptualización, interpretación gráfica mediante a análise de procedementos e solucións, construción e solución de problemas.

Os exemplos permiten establecer a relación entre o debuxo técnico e a súa aplicación real, polo que os alumnos comezarán repetindo a man alzada ou con patróns os exemplos que ilustran cada un dos apartados de cada unidade. Nalgúns casos pasarán a practicar con exercicios xa solucionados no libro de texto ou polo profesor/a, para terminar por atopar eles mesmos solucións a diferentes problemas.

Como liñas metodolóxicas no desenvolvemento deste currículo, propóñense, entre outras:

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

Para outras cuestión ver punto 5.5 (Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes).

8.4. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade estableceránse en cada caso e de acordo có que marca a lei vixente, así como o que así se indique no Proxecto Educativo do Centro e na Programación Anual.

Na área de Debuxo Técnico aténdese á diversidade do alumnado de distintas formas:

- Diversifícase a información conceptual para que cada grupo de alumnos, según o criterio do profesor, poda elixir os apartados máis adecuados.
- Asígnanse as diferencias no interior do grupo e propoñense exercicios de diversa dificultade de execución.
- Distínguense os exercicios que se consideran realizables pola maioría dos alumnos.
- Facilitase a avaliación individualizada na que se fixan as metas que o alumno debe alcanzar a partir de criterios derivados da súa propia situación inicial.
- Os temarios contidos na aula virtual veñen complementados con actividades moi diversas. Deste modo, a profesora ou o profesor poderá deseñar estratexias de ensino-aprendizaxe adaptadas ao nivel do grupo-clase.

8.5. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso

Neste sentido a materia de Debuxo Técnico 2 traballará nos seguintes elementos transversais.

Educación para a convivencia:

A formulación de problemas pode contribuír a desenrolar actitudes de solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que se converte, así, noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos na aula.

Educación do consumidor:

Preténdese dotar ó alumnado de instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queiran crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumo.

Educación non sexista:

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas, e potencia-la participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribuirase deste xeito, desde a propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

Educación multicultural:

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como de outros tempos, de outras culturas distintas á nosa, tratando de que o alumnado saiba respectalas e valoralas.

8.6. Actividades complementarias e extraescolares programadas

A proposta de actividades será elaborada polo departamento ao principio de cada curso e incluída na Programación Xeral Anual do centro, a través da Vicedirección unha vez aprobada polo Consello Escolar. Consistirán na asistencia a conferencias, exposicións, visitas guiadas a museos, talleres con artistas locais e antigos alumnos.

8.7. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para saber se as actividades propostas e os contidos traballados en cada unidade didáctica cumpriron os obxectivos desexados, faremos, ó remate de cada avaliación/trimestre unha autoavaliación, atendendo ós seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación e a adecuación da temporalización.
- Relación entre obxectivos e contidos.

- Adecuación de obxectivos e contidos ó nivel do alumnado e ás súas necesidades.
- Adecuación da metodoloxía empregada.
- Adecuación dos medios e material didáctico empregado.
- Coordinación dos contidos traballados cos dados en outras áreas coas que teñan relación.
- Interese mostrado polo alumnado.
- Adecuación da programación para o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

No proceso de autoavaliación terá un importante papel o alumnado, mediante intercambios orais, postas en común acerca dos puntos anteriormente citados e cuestionarios escritos.

Haberá que observar atentamente tamén os resultados académicos do alumnado de xeito combinado coa propia avaliación, para detectar os posibles fallos de metodoloxía docente de cada unidade didáctica, e ilos corrixindo para mellorar a programación e adecuala ás diferentes circunstancias de cada grupo de alumnos, curso, etc.

Memoria de departamento: Farase un balanço do acadado en relación coestablecido na programación, para desa maneira poder facer modificacións de cara o curso vindeiro.

En Vimianzo a 17 de Outubro de 2022

Asdo.: José Manuel Dopico Soto
(Xefe Departamento de Artes Plásticas)

Índice

DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS.....	1
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1. Contextualización	3
2. Organización do Departamento.....	3
3. Materias impartidas	3
4. Distribución de Grupos e Alumnos	4
5. Reunións de Departamento	4
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º E.S.O	6
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	8
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	8
3. OBXECTIVOS PARA O CURSO.....	9
3.1. Obxectivos xerais da etapa.....	9
3.2. Obxectivos específicos do curso.	10
4. CONTIDOS.	11
5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	12
5.1. Temporalización.....	12
5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	13
5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	15
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	16
7. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar	17
8. Criterios de avaliación e cualificación	17
8.1. Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	17
8.2. Criterios de avaliación para cada un dos contidos	18
8.3. Criterios de cualificación e promoción do alumnado	19
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	20
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	22
11. Medidas de atención á diversidade	22
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	22
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas	23
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	24
DEBUXO TÉCNICO II – 2º BACHARELATO	27

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	29
Contextualización.....	29
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	29
3. OBXECTIVOS PARA O CURSO.	30
3.1. Obxectivos xerais do bacharelato.....	30
3.2. Obxectivos específicos de curso.	31
4. CONTIDOS.	32
4.1. Distribución dos contidos en bloques e unidades didácticas	32
5. Criterios de avaliación.....	34
5.1. Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	34
5.2. Criterios de avaliación para cada un dos contidos	34
5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación	35
5.4. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado	35
5.5. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	36
6. Estándares de aprendizaxe	36
6.1. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	36
7. Temporalización.....	39
8. Concrecións metodolóxicas que require a materia	39
8.1. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar	40
8.2. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	40
8.3. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en bacharelato	43
8.4. Medidas de atención á diversidade	43
8.5. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	44
8.6. Actividades complementarias e extraescolares programadas	44
8.7. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	44